

COMUNICADO Nº 048/16

18 DE MARZO DE 2016

Trala entrada en vigor da modificación da LO 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica ao menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Enxuzamento Civil, operada pola Lei 26/2015, de 18 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, **todas as persoas que exerzan ou pretendan exercer profesións, oficios ou actividades que impliquen contacto habitual con menores terán a obriga de acreditar estar en disposición da certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais** (ARTIGO PRIMEIRO. OITO. «5. **Será requisito** para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. **Para tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.**»).

Por iso, para a obtención de calquera tipo de licenza, permiso ou autorización que teña relación co co karting, por ser unha modalidade na que participan menores de idade, será necesario que o solicitante **achegue unha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.**

No caso de estranxeiros, ademais deberán achegar un certificado negativo de antecedentes penais do seu país de orixe ou de onde é nacional, traducido e legalizado de acordo cos Convenios Internacionais existentes, respecto dos delitos aos que se refire o artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996. O alcance do devandito certificado dependería da normativa de cada país, ben do Rexistro de Delincuentes Sexuais expresamente, que xa existe en moitos países, ben do Rexistro de Penados, sen que en ningún caso poidan valorarse a estes efectos outros posibles delitos de natureza distinta á sexual que o cidadán cometese.

Especialidades:

- **Cando se trate de estranxeiros de orixe da Unión Europea ou nacionais da mesma,** o Rexistro Central de Penados solicitará á autoridade central do Estado de nacionalidade da persoa que realiza a petición, información sobre os devanditos antecedentes para poder incluíla no certificado que se lle facilite. Neste caso, a tramitación do certificado estará condicionada á normativa, práctica e prazos do país de que se trate.
- **Nos casos de estranxeiros cuxos países non dispoñan dun Rexistro de antecedentes penais,** podería esixírselle un certificado consular de boa conduta.

[GUIA EXPLICATIVA.-](#)

[FORMULARIO PARA OBTENCIÓN.-](#)